

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SEIS DE DECEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e tres horas e trinta minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de decembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 2.037/07 de don Simón Fandiño Fernández**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Esplugues de Llobregat (Barcelona) solicita licenza para a construción dun cerramento con base de pedra e postes, de aproximadamente 25 mts de lonxitude, no lugar de Outeiro -Santa Cruz de Ribadulla, en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 10,50 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de

ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica será realizado con pedra do país e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.2.- Instancia núm. 864/07 de don Amancio Villaverde Martínez e Dolores Mera López.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio no lugar de Sarandón (San Miguel de Sarandón), expoñen que con data 24 de maio de 2005 a Xunta de Goberno concedeu licenza para construción de vivenda unifamiliar en Sarandón (San Miguel de Sarandón), (licenza número 101/05), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, xa ingresada na Tesourería municipal.

2.3.- Instancia núm. 1673/07 de dona Asunción Rodríguez Vázquez e don Antonio Rodríguez Sixto.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio no número 15 do lugar de Vilapedre (San Andrés de Illobre), expoñen que con data 1 de xuño de 2004 a Xunta de Goberno concedeu licenza para construción de vivenda unifamiliar en Vilapedre (Illobre), (licenza número 64/04), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, que deberá ser ingresada na Tesourería municipal, requisito sen o cal esta licenza surtirá efecto algún.

2.4.- Corrección acordo concesión de licenza num. 121/07

En relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día vinte de novembro do ano que andamos a don Manuel E. Bascoy Cebeiro (licenza 121/07) para a construción dun cerramento no lugar de Casanova -San Miguel de Sarandón, onde di " a distancia mínima para o cerramento será de 10,50 mts de distancia dende o eixe do vial...", debe dicir "a

distancia mínima para o cerramento será de 9,00 mts de distancia dende o eixe do vial....”

### **3º.- Certificacións de obras**

3.1.- Certificación num. única da obra *Reparación de la cubierta de la escuela pública de San Miguel de Sarandón (07.3100.0292.0)*

Dáse conta da certificación da obra *reparación de la cubierta de la escuela pública de San Miguel de Sarandón (código 07.3100.0292.0)*, incluída no Plan de Cooperación Provincial 2007, adxudicada por Resolución da Alcaldía de data dezaioito de setembro de 2007 á empresa Construcciones Canicoba, S.L , por importe de trinta e un mil corenta e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (#31.049,55#), sendo a directora da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación.

### **4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do servizo de consultoría e asistencia xurídica**

Dáse conta das ofertas solicitadas a Íñigo Muñozguren Martínez, Carlos González Concheiro-Álvarez, Bufete Roibas Vázquez e Antonia Rodríguez López para optar á adxudicación, por procedemento negociado, do servizo de consultoría e asistencia xurídica, de acordo co prego de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas aprobado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día dous de outubro do ano que andamos, sendo o orzamento base de licitación de vinte e nove mil setecentos noventa euros (#29.790,00#).

Dáse conta así mesmo da proposta da Mesa de Contratación de adxudicar ó contrato do citado servizo á única oferta presentada por Bufete Roibas Vázquez.

A Xunta de Goberno acorda adxudicar o servizo de consultoría e asistencia xurídica ó Bufete Roibas Vázquez no prezo de vinte e nove mil (#29.000,00#) euros

### **5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

5.1.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data dez e dezasete de decembro do ano que andamos, polas que se aproban as bases e se designan os membros da Mesa de Selección para a contratación dun fisioterapeuta para o Centro da Terceira Idade de Vedra.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de decembro do ano que andamos, pola que se convoca a Mesa de Contratación para a adxudicación do servizo de consultoría e asistencia xurídica e se designan os membros da mesma.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## 6º.- Outros Asuntos

6.1.- Acordo, se procede, sobre adhesión ós proxectos estratéxicos presentados pola Deputación Provincial na convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) para o período 2007-2010

Vistos os proxectos estratéxicos que a Deputación Provincial da Coruña vai presentar á convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) para o período 2007-2010, seleccionados partindo das directrices e dos estudos contidos no Plan Estratéxico Provincial 2007-2013 e cuxas grandes liñas foron presentadas na reunión celebrada o 13 de decembro de 2007 no Pazo de Mariñán (A Coruña)

Considerando o interese que teñen estes proxectos para o desenvolvemento social, económico e medioambiental deste concello, e en xeral, de toda a provincia de A Coruña, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Manifestar a súa adhesión e apoio ós seguintes proxectos estratéxicos que a Deputación Provincial de A Coruña vai presentar á convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) para o período 2007-2010:

- Promoción do aforro enerxético, da eficiencia e da calidade nos servizos públicos municipais
- Plan integral de seguridade vial para peóns nas estradas provinciais
- Posta en valor das concas fluviais: 1ª fase -Rio Mandeo

2º.- Comprometerse a facilitar a execución e desenvolvemento destes proxectos estratéxicos no seu termo municipal, mediante a posta a disposición dos terreos que fosen necesarios, a obtención das autorizacións administrativas precisas, así coma a realización de cantos trámites fosen necesarios ou convenientes de acordo co contido de cada proxecto.

3º.- Promover a difusión e participación nestes proxectos de todos os axentes sociais implicados, así como realizar unha idónea utilización das infraestruturas executadas dentro destes proxectos estratéxicos, de acordo cos requirimentos da convocatoria e instrucións da Deputación

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos

